



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA  
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA  
Secretaría Xeral da Igualdade



SOLICITUDE DE PRAZA NO PROGRAMA VACACIÓNS LÚDICAS:  
VERÁN LÚDICO

**PROGRAMA VACACIÓNS LÚDICAS: VERÁN LÚDICO**

❖ **PERSOAS DESTINATARIAS:**

As actividades do “Verán Lúdico” estarán dirixidas a nenas e nenos de entre tres anos, cumpridos na data de inicio das actividades e de 12 anos, telos cumpridos ou cumprilos no ano de realización das actividades, tendo preferencia as persoas empadroadas no Concello de Tordoia

❖ **Nº DE PRAZAS DISPOÑIBLES:**

As prazas son limitadas

❖ **CRITERIOS DE SELECCIÓN:**

En caso de que a demanda supere ás prazas ofertadas, terán preferencia, unha vez cumpridos os requisitos, en primeiro lugar as nenas e os nenos empadroados no concello de Tordoia. en segundo lugar, a admisión farase por rigoroso orde de rexistro de entrada nas dependencias municipais.

❖ **REQUISITOS:**

Os requisitos ou condicións de acceso das persoas usuarias son:

- Ter 3 anos cumpridos na data de inicio das actividades e ter cumpridos 12 anos ou cumprilos no ano de realización das actividades.
- Valerse por si mesmo para as ABVD segundo a idade.
- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa

❖ **HORARIO**

As actividades do Verán Lúdico realizaranse en períodos non lectivos, de 9.00 a 14 horas, de luns a venres.

<b>PROGRAMACIÓN DA XORNADA DIARIA</b>	
09.00 – 10.00 horas	Recepción dos/das participantes. Xogo libre.
10.00 – 10.30 horas	Asemblea. Explicación sobre as actividades do día.
10.30 – 11.30 horas	Actividade 1. EXTERIOR
11.30 - 12.00 horas	Merenda. Xogo libre en exterior.
12.00 – 13.00 horas	Actividade 2. EXTERIOR.
13.00 – 13.30 horas	Regreso ás instalacións. Hixiene.
13.30 – 14.00 horas	Entrega dos/das participantes. Actividade 3

*Comunicacións:* Ó final de cada xornada, o monitor/a responsable de cada grupo trasladaralle aos pais calquera información relevante sobre o/a participante, na hora da súa recollida. Contamos tamén cunha aplicación propia que nos permite un contacto máis directo coas familias, enviando ó final de



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA  
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Secretaría Xeral da Igualdade



SOLICITUDE DE PRAZA NO PROGRAMA VACACIÓNS LÚDICAS:  
VERÁN LÚDICO

cada xornada un pequeno resume das actividades realizadas e unha fotos das mesmas (ao inicio das actividades entregaráselles as instrucións para a instalación da mesma)

O Concello de Tordoia resérvase o dereito de efectuar as modificacións de instalacións e horarios que considere oportunas

❖ DURACIÓN:

- Mes de xuño: Os días 28,29 e 30..
- Mes de xullo: completo.
- Mes de agosto: completo
- Mes de setembro: desde inicio do mes ata o día anterior ao inicio do curso lectivo.

❖ COTAS:

Para determinar o cálculo do importe a pagar por cada usuario en cada período, hai que ter en conta se a unidade familiar ten unha renda inferior ou superior a 6,5 veces o IPREM

UNIDADE FAMILIAR	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO
Unidades familiares que non superen 6,5 veces o IPREM	5 €	15 €/quincena	15 €/quincena	10 €
Unidades familiares que superen 6,5 veces o IPREM	10 €	30 €/quincena	30 €/quincena	20 €

Os meses de xuño e setembro non serán divisibles e terán que inscribirse e abonar a totalidade. Os meses de xullo e agosto, poderán ser divididos por quincenas (primeira e segunda).

❖ DESCONTOS

Segundo as circunstancias da unidade familiar ou de convivencia, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto na táboa anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

UNIDADE FAMILIAR	% DESCONTOS
Nenos e nenas pertencentes a familias numerosas	15%
Asistencia a actividades de varios irmáns	15% (o segundo irmán e sucesivos)

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude, que deberán ser xustificadas documentalmente

❖ LUGAR E DATA DE INSCRICIÓN:

Data: do 1 ata o 15 de xuño de 2021.

Lugar: Educación familiar do concello de Tordoia (Tlf.: 881 025 972 ou 981 690 001)



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Secretaría Xeral da Igualdade



## SOLICITUDE DE PRAZA NO PROGRAMA VACACIÓNS LÚDICAS: VERÁN LÚDICO

### NORMAS DE FUNCIONAMENTO PROGRAMA VACACIÓNS LÚDICAS

- Deberase comunicar ás persoas responsables da actividade calquera cambio relacionado cos datos que figuran na ficha de inscrición.
- Prégase puntualidade na entrega e recollida das nenas e nenos.
- Dada a situación actual relacionada coa Covid-19, o uso da mascarilla é obrigatorio.
- Os/as participantes deben levar vestimenta cómoda, axeitada e fácil de lavar para as actividades que se ofertan. Tamén é recomendable que os de menor idade traian algunha muda de reposto.
- As persoas participantes deberán botar crema solar antes de saír da casa.
- Os nenos e nenas deberán acudir ao campamento provistos dunha mochila na que levarán unha botelliña de auga, unha gorra, unha mascarilla de reposto, un paquete de panos de papel e unha pequena merenda para media mañá (segundo un calendario semanal establecido). Todo deberá vir identificado co nome do neno ou nena.
- No caso de que os nenos e nenas realicen algunha actividade acuática deberán levar unha bolsa con bañador, toalla, gorro e chanclas.
- Non está permitido que os menores leven móbiles ou aparellos eléctricos á actividade.
- Os pais/nais ou titores legais das unidades familiares que non superen o límite de ingresos de 6,5 veces o IPREM e no caso de familias monoparentais ou familias numerosas ata un 15 % máis, deberán:
  - Asinar a folla de Relación de Persoas Inscritas Menores de Idade, do Programa de Fomento da Conciliación (SI435B)
  - Asinar e cumprimentar a os Cuestionarios de Indicadores de Produtividade e de Resultado:
    - Cuestionario de Indicadores de Produtividade Sobre Participantes (relativo a situación do/a participante anterior ao comezo da actividade) \*.
    - Cuestionario de Indicadores de Resultado Inmediato Sobre Participantes (relativo a situación do/a participante posterior a súa participación na actividade) \*.
    - Cuestionario de Indicadores Comúns de Resultado a Longo Prazo Sobre Participantes (relativo a situación do/a participante transcorridos 6 meses da súa participación na actividade) \*.

\*Información requerida de conformidade ao estipulado no artigo 5 do Regulamento (UE) Nº 1304/2013, do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo.

**A formalización da inscrición implica a aceptación explícita das normas que rexen esta actividade e os cambios que poidan xurdir por razóns técnicas ou organizativas debidamente xustificadas**

